

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE SETEMBRO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:10 horas do día 18 de setembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 14 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. José Riesgo Boluda  
D. Francisco Jaier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 2a e 3a)  
D. Rubén Peña Barceló (asiste aos puntos 2b e 3b)  
D. José Ángel Hermida Fernández (asiste os puntos 8b, 8c, 9b, 9c, 4a e 10)  
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 8a e 9a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**1.- Aprobación de actas**

**a) Acta do 9 de agosto de 2018**

Apróbese a acta da sesión do 9 de agosto de 2018 cos votos de D. Santos Héctor Rodríguez, D. Susana García Álvarez e D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal.

**b) Acta do 31 de agosto de 2018**

Apróbese a acta da sesión do 31 de agosto de 2018 cos votos de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel e D. Alberto Escariz Couso.

**c) Acta do 7 de setembro de 2018**

Apróbese a acta da sesión do 7 de setembro de 2018 cos votos de D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey, D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel e D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal.

**d) Acta do 11 de setembro de 2018**

Apróbese a acta da sesión do 11 de setembro de 2018 cos votos de D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey, D. Pablo Olmos Pita e D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal.

**2.- Apertura administrativa**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:57	Páxina 1 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA949-C9363C-C8AEBA-51S2PU-CC8G6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 11 de setembro de 2018, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a ATELIER SOCIAL, S.L. para que emendase a documentación persoal. O anterior licitador presentou a documentación requirida o 14 de setembro de 2018, dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a ATELIER SOCIAL, S.L. (lotes 1 e 2) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

### b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "Ximnasia para persoas maiores" (17.091-333)

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral sobre os licitadores presentados a esta licitación, que se transcribe a continuación:

*"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 30-08-2018, para a contratación por procedemento aberto de "a prestación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "Ximnasia para persoas maiores" EXPTE. 17091-333" que rematou o día 14 de setembro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:*

*Pola plataforma de contratación en sobre electrónico:*

1. A BILLARDA, S L
2. SERVIPLUSTOTAL, S L
3. MAREXADA, DEPORTE, LECER E CULTURA S L

*Así mesmo a empresa Serviplus total S.L. enviou fax comunicando envío da oferta en papel que chegou o 17/9/18 e se rexistrou no documento 180150083 e tamen presentou pola web del Concello de Vigo o 14/9/18 os seguintes documentos 180149750 e 180149776 .*

*Tamen Pablo Casal Nuñez enviou fax huella electrónica da oferta o día 14/9/18 , y entregou pola web os documentos 180149787 e 180149784 para dita oferta, e o 17/9/18 presenta un sobre co documento 180150302".*

Así mesmo, a secretaria comunica que se recibiu no Servizo de Contratación correo electrónico remitido por PABLO CASAL NÚÑEZ achegando non só a pegada dixital esixida na cláusula 14 do PCAP senón tamén o contido dos tres sobres.

Compróbase na propia sesión que tanto SERVIPLUSTOTAL, S.L. como PABLO CASAL NÚÑEZ presentaron a través do Rexistro Xeral o contido sen encriptar das súas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:57	Páxina 2 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA949-C9363C-C8AEBA-51S2PU-CC8G6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ofertas. Tamén se comproba que a documentación achegada no correo electrónico enviado por PABLO CASAL NÚÑEZ se corresponde coa súa oferta sen encriptar.

A continuación, pregúntase aos membros Mesa se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. A BILLARDA, S.L.
  2. MAREXADA, DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L.
- b) Non admitir neste procedemento a PABLO CASAL NÚÑEZ e SERVIPLUSTOTAL, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións esixidos na cláusula 14 do PCAP e non respectar o segredo das proposicións, ao ter presentado as súas ofertas sen encriptar a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

O artigo 139.2 da LCSP establece que *“as proposicións serán segredas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento de apertura das proposicións, sen prexuízo do disposto nos artigos 143, 175 e 179 en canto á información que debe facilitarse aos participantes nunha poxa electrónica, nun diálogo competitivo, ou nun procedemento de asociación para a innovación”*. A disposición adicional 15ª da LCSP tamén establece o deber de garantir que o contido das ofertas non sexa coñecido ata despois de finalizado o prazo para a súa presentación e ata o momento fixado para a súa apertura. Isto non foi posible porque ambos licitadores achegaron a través do Rexistro Xeral as súas ofertas sen encriptar.

Por outra banda, se ben o PCAP prevé na cláusula 13.5 do PCAP que *“a presentación das proposicións deste procedemento realizarase a través da plataforma electrónica de contratación do Concello de Vigo”* na ligazón indicada e *“de conformidade co previsto no artigo 136.4 da LCSP e as disposicións adicionais 16a e 17a”*, tamén contempla na cláusula 14 outro suposto de presentación de ofertas cando concorran razóns técnicas de comunicación, non imputables ao licitador, que impidisen a entrega da proposición mediante a canle electrónica.

A presentación das proposicións a través de calquera dos dous medios previstos no PCAP garante o segredo das proposicións esixido legalmente, non así a presentación de documentos non encriptados. Precisamente a citada cláusula 14 advirte *“A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”*.

### 3.- Apertura da documentación técnica

#### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:57	Páxina 3 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA949-C9363C-C8AEBA-51S2PU-CC8G6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Modernización e Innovación e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 13 de setembro de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

**b) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5.481-106) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o xefe da Área de Servizos Xerais o 14 de setembro de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

**c) Procedemento aberto mixto para a contratación dos subministros e servizos de instalación dun poboado de montaña durante as campañas do Nadal (5.748-106) (informe sobre C con proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o xefe da Área de Servizos Xerais o 14 de setembro de 2018 de valoración do sobre C “proposición avaliable a través de fórmula”.

**9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:57	Páxina 4 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA949-C9363C-C8AEBA-51S2PU-CC8G6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**restrinxidos**

**a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo técnico responsable de Modernización e Innovación e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 13 de setembro de 2018 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

**b) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5.481-106)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o xefe da Área de Servizos Xerais o 14 de setembro de 2018 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor". Acto seguido procédese á súa publicación no perfil de contratante.

**c) Procedemento aberto mixto para a contratación dos subministros e servizos de instalación dun poboado de montaña durante as campañas do Nadal (5.748-106)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o xefe da Área de Servizos Xerais o 14 de setembro de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable a través de fórmula".

Tendo en conta a puntuación outorgada ao único licitador presentado e admitido pola proposición avaliable mediante xuízo de valor no informe do 4 de setembro de 2018 e a puntuación outorgada pola proposición avaliable a través de fórmula no informe do 14 de setembro de 2018, a puntuación total obtida por este licitador é a seguinte:

Ord e	Licitador	Puntuación criterios xuízo valor	Puntuación criterios fórmula	Puntuación total
1	ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO)	15,5 puntos	75 puntos	90,5 puntos

**4.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5.481-106)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:57	Páxina 5 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA949-C9363C-C8AEBA-51S2PU-CC8G6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	CRITERIOS	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO)
LOTE 1	Comprométese a incluír na oferta réplicas dos sets incluídos no PPT para o Lote 1(si/non) coa seguinte superficie:	non	si
	SET Nº 1.- Caseta do Nadal (m2)	-	5
	SET nº 2.- Nenos cantores (m2)	-	3
	SET nº 3.- Poboado navideño (m2)	-	3
	SET Nº 4.- Bonecos de neve (m2)	-	4
	SET Nº 5.- Farol xigante (m2)	-	2
	SET Nº 6.- Camelo Real (m2)	-	2
	SET Nº 7.- Libro xigante (m2)	-	2
	SET Nº 8.- Tren do Nadal (m2)	-	3
	SET Nº 9.- Árbores colgantes Praza da Constitución (m2)	-	1
	Incrementa o stock para a substitución esixido no prego de prescricións técnicas nun .... %. Deberá achegar a DECLARACIÓN RESPONSABLE de ser empresa fabricante ou, no caso contrario, compromiso con empresa fabricante, indicando o nome da referida empresa.	0%	4%
	Prezo	288.577,94€	285.753,80€
	Certificados de calidade ISO 9001-UN:(si/non)	si	non
Certificado de calidade ambiental 14001-UN:(si/non)	si	non	
LOTE 2	Incrementa o número de figuras en relación coas incluídas no PPT para o Lote 2 (si/non), e coa seguinte distribución:	si	si
	SET N.º 10.- Boneco de neve (3D, 1,5 mts de altura) (máximo 2 ud) (Nº unidades)	2	1
	SET N.º 11.- Caixa de agasalho (3D, 1,5 x 1,5 x 1,5 mts) (máximo 3 ud) (Nº unidades)	3	1
	Incrementa o stock para a substitución esixido no prego de prescricións técnicas nun .... %. Deberá achegar a DECLARACIÓN RESPONSABLE de ser empresa fabricante ou, no caso contrario, compromiso con empresa fabricante, indicando o nome da referida empresa.	4%	4%
	Prezo	376.320,00€	391.396,12€
	Certificados de calidade ISO 9001-UN:(si/non)	si	non
	Certificado de calidade ambiental 14001-UN:(si/non)	si	non

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado e a declaración responsable de ser empresa fabricante esixidos no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao Servizo de Comercio sobre a referida documentación técnica.

O xefe do Servizo retírase da sesión para a redacción do informe solicitado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:57	Páxina 6 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA949-C9363C-C8AEBA-51S2PU-CC8G6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Suspéndese a sesión e reanúdase ás 13:15 horas coa entrega do informe asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o xefe da Área de Servizos Xerais que deseguido se transcribe:

*“A Mesa de Contratación de data 18/09/2018 realizou a apertura oferta económica (sobre C) das ofertas admitidas á licitación do expediente referenciado: Iluminaciones Ximénez S.A e Entertainment And Leisure Technology SL (EVENTUMPRO), sendo remitido o expediente ao servizo de Comercio para informe da existencia de ofertas anormalmente baixas e valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula.*

**INFORME**

*Analizada a documentación presentada procédese a informar, asistido técnicamente polo xefe da área de Servizos Xerais conforme a Instrucción de Servizo de data 09/01/2018.*

*“Os criterios avaliábeis mediante fórmula, valoráranse da seguinte forma:*

*1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.*

*a)Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):*

*O valor da baixa ofertada en prezo, obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.*

*As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:*

*- Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).*

*b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:*

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

*Onde:*

*Pmx: puntuación máxima do criterio*

*Vof: valor ofertado de baixa*

*Vrb: valor referencia das baixas*

*c) Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:*

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

*Onde:*

*Pmx: Puntuación máxima do criterio*

*A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb*

*B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb*

*a)Cálculo do valor referencia dos incrementos (Vri):*

*O valor do incremento ofertado obterase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.*

*As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:*

*- Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:57	Páxina 7 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA949-C9363C-C8AEBA-51S2PU-CC8G6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

b).- Para valorar incrementos inferiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vri}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de incremento

Vri: valor referencia dos incrementos

c) Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri

3.- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

4.- Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.

5.- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor da oferta que inclúa un menor prezo.

En segundo lugar, a favor da empresa que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliados mediante xuízo de valor, por orde de importancia en canto á maior ponderación asignada en cada un dos criterios. En caso de que se asine idéntica ponderación aos criterios, pola orde establecida.

De persistir o empate, resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola normativa vixente. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorre en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Se continuase o empate aplicarase o resto dos criterios de desempate regulados no artigo 147.1 da LCSP segundo a orde que nel se establece.

Devanditas fórmulas, que se levan usando varios anos por esta Administración sendo admitidas por Intervención, son proporcionais e outorgan a maior puntuación á oferta que presenta mellor prezo ou maior incremento de superficie e de stock."

#### 1.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS

"Cando a adxudicación deba facerse tendo en conta máis dun criterio de adxudicación, considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual. As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa en porcentaxe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:57	Páxina 8 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA949-C9363C-C8AEBA-51S2PU-CC8G6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais”.

Ao ser somentes dúas ofertas non se descarta ningunha delas.

LOTE 1.- PREZO : 288.919,34 €

LICITADOR	IMPORTE	BAIXA
Iluminaciones Ximénez S.A	288.577,94	0,12%
Entertainment And Leisure Technology SL (EVENTUMPRO)	285.753,80	1,10%

$X = 1,22/2 = 0,61 + 10\% = 10,61\%$ , polo cal ningunha das ofertas é anormalmente baixa.

LOTE 2.- PREZO: 392.000 €

LICITADOR	IMPORTE	BAIXA
Iluminaciones Ximénez S.A	376.320,00	4%
Entertainment And Leisure Technology SL (EVENTUMPRO)	391.396,12	0,15%

$X = 4,15/2 = 2,07 + 10\% = 12,07\%$  polo cal ningunha das ofertas é anormalmente baixa.

## 2.- AVALIACIÓN DE CRITERIOS MEDIANTE FÓRMULA

“Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de CINCOENTA E CINCO (55) PUNTOS que serán distribuídos:

a) Criterio 1º: Prezo ofertado para o contrato.

“Valorarase ata un máximo de 25 puntos a oferta máis vantaxosa economicamente en relación coa baixa ofertada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros e sen IVE)

As empresas concursantes deberán incluír na súa oferta un cadro de custes onde xustifiquen o prezo ofertado co seguinte detalle:

- Custe de man de obra, do persoal adscrito ao contrato.
- Custe dos vehículos adscritos ao contrato (combustible, seguros...).
- Custe dos elementos vexetais instalados e o seu mantemento.
- Custe dos elementos non vexetais instalados e o seu mantemento.
- Custe de legalización das instalacións.
- Custe da redacción do proxecto decorativo de execución.
- Gastos xerais e beneficio industrial.

Para a elaboración do cadro de custes as empresas licitadoras tomarán como referencia o presuposto incluído no proxecto decorativo.”

LOTE 1.- PREZO : 288.919,34 €

LICITADOR	IMPORTE	Valoración
Iluminaciones Ximénez S.A	288.577,94	3,93
Entertainment And Leisure Technology SL (EVENTUMPRO)	285.753,80	25,00

$Vrb = 0,61\%$



I. Ximenez.; Pmx=25 puntos; Vof(0,12%)<=Vrb  
ELT: Pmx= 25; A= 0,49; B= 0,49; Vof (1,10)>Vrb

LOTE 2.- PREZO: 392.000 €

LICITADOR	IMPORTE	Valoración
Iluminaciones Ximénez S.A	376.320,00	25,00
Entertainment And Leisure Technology SL (EVENTUMPRO)	391.396,12	1,45

Vrb= 2,07%

ELT: Pmx= 25; Vof (0,15)<=Vrb

I. Ximenez: Pmx=25 puntos; A= 1,93; B= 1,93 Vof(4%)>Vrb

b) Criterio 2º: Melloras ofertadas. Valoraranse con ata 26 puntos, distribuídos do seguinte modo:

1. Inclusión na oferta de réplicas de cada set do Lote 1 e incremento de réplicas das figuras no Lote 2: valorarase ata 22 puntos

LOTE 1º

“Valorarás de maneira proporcional ata un máximo de 22 puntos a oferta dunha réplica de cada set dunha superficie mínima dun 20% e máxima de ata un 50% do mesmo, que se executará no lugar indicado polo servizo municipal de Comercio, no entorno de rúas adxacentes e dentro dun radio de 500 m, da ubicación do set obxecto de réplica.

As figuras decorativas vexetais e non vexetais incluídas na superficie ofertada a maiores, deberán ser proporcionais e acordes a dita superficie, e dicir para unha superficie a maiores do 50% corresponderálle a metade das figuras (arbores, elementos decorativos, tepe, etc) recollidas no proxecto.

No caso de que o set se compoña dunha única figura, as dimensións da mesma seran acordes e proporcionais a superficie ofertada a maiores.

Outorgarase a máxima puntuación a oferta de maior superficie ou tamaño (no caso de figura única) puntuándose as demais de maneira proporcional ao tamaño ou superficie ofertada.

Tendo en conta as características do entorno da zona a decorar, detállase a continuación o reparto de puntos, sobre a superficie a maiores, deste criterio:”

TIPOLOXIA	PUNTOS TOTAIS	Superficie m2		Valoración	
		IL XIMENEZ	ELT (EVENTUMPRO)	IL XIMENEZ	ELT (EVENTUMPRO)
SET Nº 1.- Caseta do Nadal: rúa Progreso entronque con rúa Príncipe	3	0	5	0	3
SET nº 2.- Nenos cantores: rúa Príncipe (diante fachada do Museo MARCO).	2	0	3	0	2
SET nº 3.- Pobodado navideño: Rúa Príncipe (próximo rúa V. Moreno).	3	0	3	0	3



SET Nº 4.- Monecos de neve: Rúa Eduardo Iglesias (mediana entre rúa Príncipe e rúa Progreso)	2	0	4	0	2
SET Nº 5.- Farol xigante: Rúa Príncipe (entre rúas E. Iglesias e rúa L. de Neira)	2	0	2	0	2
SET Nº 6.- Camelo Real: Rúa Príncipe (próximo rúa López de Neira)	2	0	2	0	2
SET Nº 7.- Libro xigante: Rúa Príncipe (próximo rúa Lugo)	3	0	2	0	3
SET Nº 8.- Tren do Nadal: Porta do Sol.	3	0	3	0	3
SET Nº 9.- Árbores colgantes Praza da Constitución	2	0	1	0	2
<b>TOTAL</b>	<b>22</b>	<b>0</b>		<b>0</b>	<b>22</b>

**LOTE Nº2**

"Valorarase de maneira proporcional ata un máximo de 22 puntos as réplicas ofertadas das figuras do lote 2 cun máximo de dúas unidades no set nº10 e tres unidades para o set nº11, coas seguintes medidas, instaladas nun radio de 500 mts do entorno da rúa Príncipe:"

TIPOLOXIA	PUNTOS TOTALS	Superficie UD.		valoración	
		IL XIMENEZ	ELT (EVENTUMPRO)	IL XIMENEZ	ELT (EVENTUMPRO)
SET N.º 10.-Boneco de neve (3D, 1,5 mts de altura). Máximo 2 Ud	10	2	1	10	5
SET N.º 11.-Caixa de agasallo (3D, 1,5 x 1,5 x 1,5 mts). Máximo 3 Ud	12	3	1	12	4
<b>TOTAL</b>	<b>22</b>	<b>0</b>	<b>3</b>	<b>22</b>	<b>9</b>

2. Incremento da porcentaxe de elementos de de stock para a substitución ou intercambio da proposta realizada.

"Os licitadores ofertarán na súa proposta unha porcentaxe de incremento do compromiso dun stock de elementos para a substitución ou intercambio da proposta realizada, sobre o mínimo esixido no apart. 2.3 do PPTP (10%), e valorarase ata un máximo de CATRO (4).-Por cada 1% de incremento sobre o mínimo esixido outorgarase UN (1) punto ata un máximo de CATRO (4) puntos."

**LOTE Nº1**

OFERTANTE	INCREMENTO %	VALORACION
ILUMINACIONES XIMENEZ	0	0
ELT (EVENTUMPRO)	4	4

**LOTE Nº2**



OFERTANTE	INCREMENTO %	VALORACION
ILUMINACIONES XIMENEZ	4	4
ELT (EVENTUMPRO)	4	4

c) Criterio 3º. - Calidade.

Valorarase ata CATRO (4) PUNTOS a presentación dos certificados de calidade ISO 9001-UN (2 puntos) e calidade ambiental 14001- UN (2 puntos).

OFERTANTE	ISO 9001	PUNTOS	14001	PUNTOS	TOTAL VALORACION
ILUMINACIONES XIMENEZ	SI	2	SI	2	4
ELT (EVENTUMPRO)	NO	0	NO	0	0

Cadro resumo:

LOTE 1.-

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN MEDIANTE FÓRMULA	PUNTUACIÓN MÁXIMA	IL XIMENEZ	ELT (EVENTUMPRO)
Reducción do prezo	25	3,93	25
Melloras	22	0,00	22
Incremento de stock de seguridade	4	0,00	4
Calidade	4	4,00	0
TOTAL	55	7,93	51

LOTE 2.-

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN MEDIANTE FORMULA	PUNTUACIÓN MÁXIMA	IL XIMENEZ	ELT (EVENTUMPRO)
Reducción do prezo	25	25	1,45
Melloras	22	22	9,00
Incremento de stock de seguridade	4	4	4,00
Calidade	4	4	0,00
TOTAL	55	55	14,45

CUADRO DE PUNTUACIÓN S TOTAIS CRITERIOS XUÍZO DE VALOR E A TRAVÉS DE FÓRMULA

LOTE N.º 1

CRITERIO A VALORAR	ILUMINACIÓN XIMÉNEZ, S	ELT (EVENTUMPRO)
--------------------	------------------------	------------------



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Xuizo de valor	26,00	32,00
A través de fórmula	7,93	51,00
<b>TOTAL</b>	<b>33,93</b>	<b>83,00</b>

LOTE N.º 2

CRITERIO A VALORAR	ILUMINACIÓN XIMÉNEZ, S	ELT (EVENTUMPRO)
Xuizo de valor	38,00	18,00
A través de fórmula	55,00	14,45
<b>TOTAL</b>	<b>93,00</b>	<b>32,45</b>



Unha vez ordenadas as ofertas por orde decrecente, os resultados son os seguintes:

LOTE N.º 1

ELT (EVENTUMPRO)	83,00 puntos
ILUMINACIÓN XIMÉNEZ,	33,93 puntos

LOTE N.º 2

ILUMINACIÓN XIMÉNEZ,	93,00 puntos
ELT (EVENTUMPRO)	32,45 puntos

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe transcrito e acorda propoñer ao órgano de contratación a seguinte clasificación por orde descendente:

Lote 1:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO)	83,00 puntos
2	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	33,93 puntos

Lote 2:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	93,00 puntos
2	ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO)	32,45 puntos

## 10.- Propostas de clasificación

### a) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5.481-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 7 de setembro de 2018, polo que se acorda non admitir neste procedemento a LA FIESTA ESCÉNICA, S.L. por non ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos (DEUC).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:57	Páxina 14 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA949-C9363C-C8AEBA-51S2PU-CC8G6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5.481-106) na seguinte orde descendente:

Lote 1:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO)	83,00 puntos
2	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	33,93 puntos

Lote 2:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	93,00 puntos
2	ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO)	32,45 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) (lote 1) e ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembren que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -PCAP- (“documentación expedida pola Delegación de Industria de estar en posesión do Certificado de Empresa Instaladora de equipos e instalacións eléctricas”).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto mixto para a contratación dos subministros e servizos de instalación dun poboado de montaña durante as campañas do Nadal (5.748-106)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación dos subministros e servizos de instalación dun poboado de montaña durante as campañas do Nadal (5.748-106) na seguinte orde descendente:

Ord e	Licitador	Puntuación criterios	Puntuación criterios	Puntuación total
-------	-----------	----------------------	----------------------	------------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:57	Páxina 15 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA949-C9363C-C8AEBA-51S2PU-CC8G6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

		<b>xuízo valor</b>	<b>fórmula</b>	
1	ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO)	15,5 puntos	75 puntos	90,5 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -PCAP- (“documentación expedida pola Delegación de Industria de estar en posesión do Certificado de Empresa Instaladora de equipos e instalacións eléctricas”).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:45 horas, logo dun receso desde as 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:57	Páxina 16 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA949-C9363C-C8AEBA-51S2PU-CC8G6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		